

BAREMO ERASMUS+

NOME E APELIDOS: _____ - CURSO: _____ -

DNI: _____

Excluínte:

- a) O formulario está incompleto.
- b) A solicitude non se entregou en prazo.
- c) Ter partes graves ou moi graves no curso anterior ou no actual.
- d) Non ter permiso para saír en imaxes ou vídeos que se realicen ao longo do proxecto e que se publicaran na web do centro ou en páxinas relacionadas co Programa Erasmus+.

RENDEMENTO	Nota media 1º avaliación	Nota sobre 10. Ata 10 punto	
	Nota 1º avaliación en Inglés (ou na lingua vehicular da mobilidade)	Nota sobre 10. Ata 10 punto	
	Materias pendentes	-3p cada unha	
CONVIVENCIA	Nota do titor	Nota sobre 10. Ata 10 punto	
	Partes de incidencia	-10p un único parte, -30 puntos dous partes, -60 puntos tres partes	
CENTRO	Antigüidade no centro	3p cada ano	
	Colaboración nas tarefas do centro	Nº de horas aproximadas e xustificadas polo profesorado coordinador. Se son varias actividades deben sumarse as horas. 1p cada hora	
FAMILIA	Circunstancias familiares e persoais	Ata 30 puntos. Valoración por parte do grupo de traballo Erasmus+ (familia numerosa, dificultades económicas, NEAE, imposibilidade de viaxar coa familia...)	
VIAXES	Non ter participado con anterioridade en programas de mobilidade ao longo da etapa educativa.	10 puntos non ter participado en ningunha mobilidade (ERASMUS+, intercambio...) 5 puntos Ter participado unha única vez nunha mobilidade 0 puntos Ter participado máis dunha vez nunha mobilidade	
ENTREVISTA	Segundo rúbrica	Ata 36 puntos	

En caso de empate na puntuación, terase en conta o que teña máis puntuación no apartado FAMILIA, seguidamente VIAXES e finalmente CENTRO.

Entrevista	Excelente (4p)	Bo (3p)	Satisfactorio (2p)	Insuficiente (1p)
Motivación	Explica claramente a súa motivación para participar no programa. Ademais dalgúns dos seguintes motivos: <i>viaxar, coñecer xente, superarse/probarse a si mesmo</i> . Tamén menciona a <u>cultura ou lingua</u> do país de destino ou <u>motivos máis concretos</u> . Sempre desde unha perspectiva detallada e reflexiva.	Ten unha motivación clara, pero non totalmente desenvolvida. Ademais dalgúns dos seguintes motivos: <i>viaxar, coñecer xente, superarse/probarse a si mesmo</i> . Tamén menciona a cultura ou lingua do país de destino.	Ten unha motivación vaga ou pouco clara. Só proporciona DOUS dos seguintes motivos: <i>viaxar, coñecer xente, superarse/probarse a si mesmo</i> .	Non mostra unha motivación clara ou relevante. Só proporciona UN dos seguintes motivos: <i>viaxar, coñecer xente, superarse/probarse a si mesmo</i> .
Adaptabilidade (autonomía e madurez)	Evidencia clara de adaptabilidade e independencia. Responde con coherencia e seguridade as preguntas relacionadas e é quen de por exemplos concretos e detallados.	Mostra de certa adaptabilidade e independencia. Responde con coherencia e seguridade as preguntas relacionadas, pero non é quen de por exemplos concretos e detallados.	Mostra unha adaptabilidade e independencia limitada. Responde as preguntas relacionadas, pero dun xeito dubitativo e xenérico.	Non mostra adaptabilidade nin independencia. Responde dun xeito vago as preguntas relacionadas e non é quen de detallar a súa forma de actuar.
Habilidades interpersoais (competencia social e cidadá)	Excelentes habilidades de comunicación e traballo en equipo. Á hora de comunicarse co/a entrevistador/a fala con soltura e transmite confianza. Pon exemplos concretos e positivos da relación cos seus iguais e superiores.	Boas habilidades de comunicación e traballo en equipo. A interacción co/a entrevistador é clara, respectuosa e fluída. Manifesta boa relación cos seus iguais e superiores, pero non presenta exemplos concretos.	Habilidades interpersoais adecuadas, pero con áreas de mellora. A interacción co/a entrevistador é clara e respectuosa, pero non fluída. Non aporta información da súa relación cos iguais ou superiores.	Habilidades interpersoais insuficientes. Non sabe interactuar co/a entrevistador (xestos, mirada, seguridade na voz...) e manifesta que ten dificultades para socializar cos seus iguais ou superiores.
Participación en proxectos	Explica detalladamente a participación e as súas funcións. Das respostas enténdese que participa de xeito activo, fomenta un ambiente de traballo positivo e asume roles de liderado cando é preciso.	Explica a súa participación e as funcións sen entrar ao detalle. Das respostas enténdese que amosa disposición para colaborar pero non por iniciativa propia.	Explica dun xeito moi xenérico a súa participación e motivación cara as actividades do centro. Das respostas enténdese que a participación é esporádica ou pouco activa e que colabora de forma básica.	Non participa ou non é clara a motivación para participar en actividades do centro.
Interese cultural (apertura cultural e tolerancia)	Mostra un forte interese e coñecemento da cultura do país de destino.	Ten un coñecemento xenérico da cultura do país de destino e amosa un interese moderado.	Amosa pouco interese pola cultura do país de destino.	Non mostra interese pola cultura do país de destino.
Coñecemento da localidade e centro de destino	Pescudou información da localidade e do centro de destino (sabe ubicala no mapa, características do centro, etc.)	Ten coñecemento xenérico da localidade e/ou o centro de destino.	Ten coñecemento vago da localidade OU o centro de destino.	Non ten coñecemento da localidade nin do centro. Só sabe o país de destino.
Coñecemento do programa Erasmus+	Sabe que o programa Erasmus+ implica traballo colaborativo e uso das redes sociais, coñece as redes sociais do Erasmus+ do instituto. Sabe que non é un simple intercambio.	Ten coñecementos xerais do programa Erasmus+, pero non coñece as redes sociais do instituto nin os obxectivos/funcións do	Pensa que é coma un intercambio.	Non sabe que é, nin como funciona, nin o obxectivo.
Contribución ao programa	Amosa colaboración activa, propoñendo ideas concretas sobre como podería contribuír.	Amosa dispoñibilidade, pero non proactividade (por exemplo: facendo o que me pidan e dando difusión nas redes sociais).	Dá respostas xenéricas como “facendo o que me pidan”.	Non ten ideas claras de contribución.
Defensa da idoneidade para a candidatura	É quen de defender a súa candidatura con seguridade, aportando argumentos de peso para destacar os seus puntos fortes.	É quen de defender a súa candidatura, pero con argumentos febles ou xenéricos sobre os seus puntos fortes.	Intenta defender a súa candidatura pero non é quen de salientar ningún dos seus puntos fortes.	Non é quen de defender a súa candidatura.

Posibles preguntas: